

POLAS ANTAS E MÁMOAS DA COSTA DA MORTE (GALICIA)

Xosé M^a Lema Suárez



SEMINARIO DE ESTUDOS COMARCAIS
PARA A PROMOCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL
DA COSTA DA MORTE

Vimianzo 2006

Reservados todos os dereitos. O contido desta obra está protexido pola Lei, que prohíbe a reprodución, plaxio, en todo ou en parte dunha obra literaria, artística ou científica sen a preceptiva autorización.

I

NOCIÓNS XERAIS SOBRE O MEGALITISMO GALEGO

- **A primeira arquitectura monumental de Galicia**

Hai uns sete mil anos, a finais do V milenio antes de Cristo, aparecen en Galicia os primeiros monumentos históricos coñecidos que chegaron ata os nosos días. Son as construcións megalíticas, denominadas así porque foron realizadas a base de grandes pedras. Toda Galicia está inzada deste tipo de construcións, de fins funerarios, e tamén de carácter monumental, que popularmente son coñecidas cos nomes de *antas*, *arcas* ou *dolmens*, nalgúns casos, e de *mámoas* o *medorras*, noutros.

- **Os principais monumentos megalíticos galegos: *mámoas* e *antas***

Un MEGÁLITO (do grego *mégas* ‘grande’ + *lithos* ‘pedra’) é unha arquitectura ou monumento prehistórico realizado con pedras de gran tamaño. O MEGALITISMO é, polo tanto, o período prehistórico que se desenvolve desde finais do Neolítico a principios da Idade do Bronce (grosso modo, do V ó II milenio a.C.), caracterizado pola construción a base de grandes pedras, maiormente destinadas a usos funerarios.

Túmulo é o nome xeral que designa a calquera elevación artificial do terreo que agocha debaixo un sepulcro.

Unha MÁMOA é un deses túmulos. Trátase dun pequeno amoreamento de terra elevado de forma brusca sobre o terreo circundante, cunha planta circular ou ovalada, o que lle dá forma de casquete de esfera –ou, o que é o mesmo, de seo femenino: de mama, de aí o seu nome-; no seu interior acubilla un sepulcro construído con pedras grandes: é a ANTA ou DOLMEN. Polo tanto, unha mámoa é unha tumba, seguramente colectiva, unha construción prehistórica destinada a gardar os cadáveres de varias persoas.

[...]

- **Outros monumentos megalíticos galegos: pedrafitas (ou menhires) e círculos de pedras (crómlechs)**

No territorio galego existen, aínda que en número moi escaso en comparanza co resto da Europa atlántica, outros tipos de arquitecturas megalíticas non tumulares que tiñan un destino distinto dos enterramentos. Trátase das pedrafitas e dos círculos líticos.

[...]

- **Tipoloxías e cronoloxía das antas galegas**

Ó longo do tempo os investigadores realizaron clasificacións diversas. Unha das máis actualizadas é a de Rodríguez Casal (1990: 83 e 91) na que sinala tres fases: unha inicial, outra de apoxeo e por último as fases tardías.

[...]

- **Distribución xeográfica dos monumentos megalíticos galegos**

O territorio actual de Galicia atópase incluído nunha mesma 'provincia' megalítica xunto cos territorios contiguos do leste (parte de Asturias e a metade occidental de León e Zamora) e do sur (o Norte de Portugal, polo menos deica o río Douro). Coincide basicamente co territorio da antiga provincia romana da Gallaecia.

[...]

- **A singularidade do megalitismo galego**

Vén marcada por varios feitos (R. Casal; 1997):

A propia situación do territorio galego nunha das 'fisterras' europeas, o que ten dado pé a falar da posibilidade de contactos marítimos coa Bretaña e coas illas de Gran Bretaña e Irlanda. Así e todo, non hai datos fiables para defender esta hipótese antes dos inicios da metalurxia e da cultura do vaso campaniforme.

[...]

- **O sistema construtivo das antas**

Tería que ser moi simple e acorde coa tecnoloxía existente naqueles momentos (lémbrese que aínda non chegamos ás idades dos metais).

Nos traballos participaría un bo número de persoas. [...]

- **O significado do mundo dos túmulos**

Cos monumentos megalíticos xorde na Europa occidental a primeira arquitectura monumental, pois son as primeiras construcións feitas para que perduren no tempo e mesmo para que se reutilicen posteriormente. Supoñen a primeira apropiación consciente do espazo por parte dunha comunidade humana do pasado. [...]

- **Funcións funerarias das mámoas**

As mámoas tiñan unha función claramente funeraria. Con todo e iso, a ausencia dun enxoval cuantitativamente importante podería ser indicativo de que o xacemento tiña unha función diferente da mortuoria, de aí que nos teñamos que preguntar se os dolmens foron sempre sepulcros, aínda que o elemento funerario fose o esencial.

Para o caso galego non temos datos abondos para dar unha resposta definitiva. [...]

- **Relación cos fenómenos astrolóxicos**


Ademais das crenzas relixiosas relacionadas coa morte, na construción dos megalitos tamén tivo moito que ver a relación directa cos acontecementos astronómicos e coas estacións. [...]

- **As lendas populares galegas das antas e mámoas**

A xente sempre se preguntou quen serían os seres que construíron as antas, quen podería con esas pedras tan grandes. Terían que ser personaxes de gran forza física ou provistos de poderes sobrenaturais, capaces de ergueren e transportaren estas grandes lousas de varias toneladas.

Alonso Romero (1998) observou que no folclore de Cornualles (SO. de Inglaterra) se conta que foron uns xigantes ou o propio demo quen levantou os megálitos; en troques, en Galicia e noutras zonas de Europa, disque foron uns seres femininos (as *mouras*), aínda que ás veces tamén aparecen *mouros* como construtores, pero semella que estes se especializaron máis na construción de castros –poboados da Idade do Ferro– ou de castelos medievais. As *mouras* aparecen, xa que logo, máis ligadas ás antas e ás mámoas.

[...]



■ Tipos de cámaras megalíticas (Rodríguez Casal; 1990).

II OS MONUMENTOS MEGALÍTICOS DA COSTA DA MORTE

A Costa da Morte, rexión xeográfica que comprende varias comarcas -a parte máis occidental de Bergantiños, a Terra de Soneira, a comarca de Fisterra e a parte máis occidental da de Xallas- presenta unha gran riqueza megalítica. Se ademais lle engadimos a comarca do Barbanza, podemos afirmar que esta rexión occidental, fisterránica, ocupa un dos primeiros lugares de toda Galicia, especialmente no tocante á importancia das antas dalgúns dos seus xacementos megalíticos, pero tamén no elevado número destes. Non cabe dúbida de que este territorio atlántico estivo bastante poboado durante o longo período en que se desenvolveu a cultura megalítica (do V ó II milenio).

[...]

COSTA DA MORTE: NÚMERO DE MÁMOAS POR CONCELLOS		
concello	número de mámoas	mámoas con restos dolménicos
01. Vimianzo	99	29
02. Zas	59	9
03. Dumbría	33	4
04. Mazaricos	32	6
05. Cabana	30	1
06. Muxía	24	1
07. Ponteceso	9	2
08. Cee	8	1
09. Laxe	3	1
10. Malpica	3	1
11. Camariñas	2	-
12. Carnota	2	-
13. Corcubión	-	-
14. Fisterra	-	-
TOTAL	304	55

(Fonte: Proxecto *Conservación e revalorización sociocultural do Patrimonio Megalítico da Costa da Morte* (dir. por RODRÍGUEZ CASAL, 2001-2004):

- **O futuro Parque Arqueolóxico do Megalitismo da Costa da Morte e as últimas investigacións**

No ano 2001 a Xunta de Galicia anunciaba o seu propósito de levar a cabo na Terra de Soneira o Parque Arqueolóxico do Megalitismo da Terra de Soneira-Costa da Morte para o ano 2005. Con todo, tal promesa non se viu cumprida, o que provocou as protestas de colectivos como o Seminario de Estudos Comarcais da Costa da Morte, que segue reclamando a necesidade de levar adiante este Parque, que poñería en valor toda a riqueza monumental megalítica deste territorio.

Como paso previo a este obxectivo o profesor A.A.Rodríguez Casal levou a cabo o proxecto da Universidade de Santiago ‘Conservación e revalorización sociocultural do Patrimonio Megalítico da Costa da Morte’, cuxas fases I, II e III se desenvolveron entre os anos 2001 e 2004.

[...]

2. Pedra da Arca (Cerqueda-Malpica)

SITUACIÓN

Pola estrada de Malpica a Carballo (AC-430), chegamos á aldea da Folgueira. Alí encontraremos un sinal indicador da anta, xusto onde está situado o Cámping 'Illas Sisargas'. Collemos á dereita por unha pista sen asfaltar e, a uns 700 m do cruce, está o megálito, que queda á dereita entre os piñeiros dun monte.

Se vimos de Carballo, a encrucillada e o cámping quedan a 4 km da vila de Buño, a man esquerda.


SINALIZACIÓN

Aceptable. No cruce da estrada hai un sinal indicando o monumento. No propio lugar onde está o dolmen hai un panel explicativo colocado polo Concello de Malpica, que proporciona unha breve información sobre a construción das antas.

CRONOLOXÍA

Encádrase na fase de apoxeo, entre o 3500 e o 2700 a.C.

OUTROS NOMES: O Oratorio, O Obradoiro.



Estamos ante unha das antas máis grandes de Galicia. Conserva restos da mámoa. A cámara é poligonal, formada por sete ortostratos (o da cabeceira e tres a cada lado), dos que falta o segundo. O corredor, orientado cara ó leste, apenas é visible.

O que máis chama a atención é a monumentalidade do que queda da súa tampa de cubrición, de extraordinario grosor, que aparece caída, inclinada e apoiada nas chantas verticais da cámara; só se conserva a metade dela, xa que na década de 1950 alguén lle puxo un barreno para aproveitala para a construción. Esta cuberta ten un peso aproximado de 9 toneladas no seu estado actual; calcúlase que o seu peso máximo chegaría ás 13 toneladas. O volume da cuberta no seu estado actual é de 3,5 m³ e completada coa parte que falta chegaría ós 5 m³. Isto dános unha lixeira idea do colosal que debeu ser este monumento cando estaba completo, pois o anaco que queda mide máis de 4 m na súa parte máis longa por 1,50 m na súa parte máis estreita; o seu grosor medio é de 70 cm.

No tocante ás chantas, a máis alta da cámara case alcanza los 2,50 m (de ancho ten 1,90 m); a chanta máis pequena mide 1,90 m de altura por 1 m de anchura.

A mámoa é de tamaño medio, e na súa ladeira realizouse unha cata, a través da que se pode observar a existencia do anel de pedra perimetral.

LENDAS: Disque foi unha moura, ó tempo que ía fiando nunha roca e dándolle de mamar a un neno, quen trouxo a este lugar estas pedras xigantescas levándolas sobre a súa cabeza.

OBSERVACIÓNS: Forma parte da necrópole tumular de Cerqueda, na que existía a anta de Pedra da Mina e outras tres mámoas, das que aínda se pode ver unha ó outro lado do camiño.

12. Casota de Freán [Berdoias-Vimianzo]

SITUACIÓN

Situados en Berdoias, no cruce das estradas A Coruña-Fisterra (C-552) e Santiago-Muxía (AC-441), collemos unha pista asfaltada que atravesa o lugar de Berdoias de norte a sur. Pasamos por diante de casas historicamente moi interesantes, como a do fidalgo Alonso de Lema II (do ano 1607) e aparcamos o coche onde termina o asfalto, despois da última casa do lugar. Collemos o camiño que temos diante nosa –fechado por unha cancela–, e atoparemos a fermosa arca a uns 900 m. Non deixemos nunca a nosa dereita nas bifurcacións que atopemos no noso camiño, que en boa parte discorre protexido por abundante vexetación.

SINALIZACIÓN

Suficiente: en Berdoias hai indicadores sinalando o monumento.

CRONOLOXÍA

Quizais entre o 2500 e o 2000 a.C.

OUTROS NOMES: **Caseta dos Mouros.**



Unha construción moi especial dentro do megalitismo galego, o que leva a algúns a considerar que non foi propiamente un dolmen ou sepulcro tumular. Garda certa semellanza coa Fornela do Aplazadiuro (Laxe).

Atópase na ladeira dun outeiriño, dominando un pequeno val. Presenta unha planta rectangular formada por tres lousas moi ben traballadas e chantadas verticalmente, soportando unha tampa de

cubrición monolítica.

As súas dimensións son as seguintes: 1,60 m de ancho na cabeceira e 1,48 m na entrada, cunha lonxitude total de 2,70 m. As dimensións da cuberta son: 2,40 m x 3,50 m, cun total de 10 m de perímetro.

A entrada do monumento está claramente orientada cara ó leste. Debido á forma, á ausencia de corredor e de estrutura tumular, considérase que forma parte do grupo de arcas megalíticas, construcións tardías do megalitismo galego, antecesoras das cistas da Idade do Bronce.

Nas lousas verticais aprécianse gravados de coviñas, e cruces.

OBSERVACIÓNS: O monumento quedou adosado pola súa parte traseira a un valado divisorio dunha leira situada á altura da parte superior del monumento. Durante anos serviu de refuxio de pastores, e poida que esta utilización fose a causa de que chegase ós nosos días estando tan achegado a un núcleo de poboación.

BIBLIOGRAFÍA

- ALONSO ROMERO, F. (1998): "Las mouras constructoras de megalitos: estudio comparativo del folclore gallego con el de otras comunidades europeas", en *Anuario Brigantino* nº 21.
- BELLO DIÉGUEZ, J.Mª (1994): "Dombate, chef d'oeuvre de l'art mégalithique ibérique", in *Archeologia* nº 304.
- BELLO DIÉGUEZ, J. Mª. (1996): "Aportaciones del dolmen de Dombate (Cabana, La Coruña) al arte megalítico occidental", in *Révue Archéologique de l'Ouest*, sup. nº 8; Rennes (Bretaña-Francia).
- BELLO DIÉGUEZ, J.M. (1998): "A pintura e a escultura megalítica", en *Historia da Arte Galega*, I; Ed. A Nosa Terra.
- BELLO DIÉGUEZ, J. Mª (2000): "Dombate", en *II Simposio de Historia da Costa da Morte*; Carnota 16-6-2000; Asoc. Neria.
- BELLO, J. Mª / CARRERA, F. / CEBRIÁN, F. (1997): "El proyecto de conservación del dolmen de Dombate", *Brigantium* nº 10, A Coruña.
- BOGA MOSCOSO, R. (1997): *Dólmenes de Galicia. Arquitectura das grandes pedras*; Bahía Edicións, A Coruña.
- COLECTIVO A FORNELA (1996): *Antas e pedrafitas de Galicia (guía para a súa localización)*; Asociación Amigos Museu Arqueolóxico A Coruña.
- DOMÍNGUEZ RIAL, E. (1984): "Riqueza arqueológica del Ayuntamiento de Zas", en *O Voceiro de Zas*, nº 0, 1 e 2; Zas).
- LEISNER, G. (1934a): "Die Malerein des Dolmen Pedra Coberta", en *Jahrbuch für Prähistorische und Ethnographische Kunst*, 9; Berlin.
- LEISNER, G. (1934b): "Nuevas pinturas megalíticas en España", en *Investigación y Progreso*, VIII.
- LEISNER, G. (1938): *Verbreitung und Typologie des Galizische-Nordportugiesischen Megalithgräber*; Marburg (Alemaña).
- LEISNER, V. (1965): *Die Megalithgräber der Iberischen Halbinsel: Der Westen*; Madrider Forschungen, Berlin.
- LEMA SUÁREZ, X.Mª. (1999): *Arquitectura megalítica na Costa da Morte (antas e mámoas)*; Asoc. Neria, Cee.
- LLINARES, M. (2001): "Os habitantes míticos da Costa da Morte", en *Actas do II Simposio de Historia da Costa da Morte: Nas orixes da nosa identidade*; Carnota, 16, 17 e 18 xuño 2000; Asoc. Neria, Cee.
- MOUZO, R./ XOUBANOVA, F. (1987): *Inventario do Patrimonio Arqueolóxico do Concello de Vimianzo*; Subdirección Xeral do Patrimonio Histórico-Artístico (inédito).
- RODRÍGUEZ CASAL, A.A. (1975): *Carta Arqueolóxica del partido judicial de Carballo de Bergantiños (Coruña)*; Studia Archaeologica; Santiago de Compostela.
- RODRÍGUEZ CASAL, A.A. (1989): *La necrópolis megalítica de Parxubeira*; Monografía Urxentes do Museu; A Coruña.
- RODRÍGUEZ CASAL, A.A. (1990): *O Megalitismo. A primeira arquitectura monumental de Galicia*; Biblioteca de Divulgación, Universidade de Santiago de Compostela.
- RODRÍGUEZ CASAL, A.A. (1997): "Neolitización e Megalitismo en Galicia", en *Actas do Coloquio Internacional: O Neolítico Atlántico e as orixes do Megalitismo* (Santiago de Compostela, 1-6 abril de 1996); Consello da Cultura Galega/ Universidade de Santiago/ U. I. das Ciencias Prehistóricas e Protohistóricas.
- RODRÍGUEZ CASAL, A.A. (2000): "O mundo megalítico nas comarcas da Costa da Morte", *Actas do II Simposio de Historia da Costa da Morte: Nas orixes da nosa identidade*; Carnota, 16, 17 e 18 xuño 2000; Asoc. Neria, Cee.
- SHEE, E. (1981): *The Megalithic Art of Western Europe*; Clarendon Press, Oxford (Gran Bretaña).
- SHEE, E./ GARCÍA MARTÍNEZ, C. (1973): "Tres tumbas megalíticas decoradas en Galicia", en *Trabajos de Prehistoria*, 30; Madrid.
- VARELA VARELA, X.M. (1999): *No confín dos verdes castros: Cabana de Bergantiños*; Concello de Cabana.
- VILASECO VÁZQUEZ, I./ FÁBREGAS VALCARCE, R. (1998): "O Neolítico e a primeira arquitectura monumental", en *Historia da Arte Galega*, I; Ed. A Nosa Terra.

ÍNDICE XERAL DO LIBRO

I. NOCIÓNS XERAIS SOBRE O MEGALITISMO GALEGO

A primeira arquitectura monumental de Galicia
Os principais monumentos megalíticos galegos: mámoas e antas
Outros monumentos megalíticos galegos: pedrafitas e círculos de pedras
Tipoloxías e cronoloxía das antas galegas
Distribución xeográfica dos monumentos megalíticos galegos
A singularidade do megalitismo galego
O sistema construtivo das antas
O significado do mundo dos túmulos
Funcións funerarias das mámoas
Relación cos fenómenos astrolóxicos
As lendas populares das antas e mámoas

II. OS MONUMENTOS MEGALÍTICOS DA COSTA DA MORTE

O futuro 'Parque Arqueolóxico do Megalitismo da Costa da Morte'
A importancia internacional do megalitismo da Costa da Morte

1. Pedra Moura de Aldemunde (Carballo)
2. Pedra da Arca (Cerqueda-Malpica)
3. O dolmen de Dombate (Borneiro-Cabana): o monumento megalítico galego de máis sona
4. A Fornela dos Mouros (O Aplazaduiro, Nande-Laxe)
5. Pedra Moura de Pedra Vixía (Lamas-Zas)
6. A Mina de Recesindes (Carantoña-Vimianzo)
7. Pedra Cuberta (Treos-Vimianzo)
8. Pedra Moura de Carnio (Treos-Vimianzo)
9. Pedra da Lebre (Serramo-Vimianzo)
10. Arca da Piosa (Muíño-Zas)
11. Pedra da Arca (Regoelle-Dumbría / Bañas-Vimianzo)
12. Casota de Freán (Berdoias-Vimianzo)
13. A Mina da Parxubeira (Corveira, Eirón-Mazaricos)

Bibliografía e índice xeral



1
Pedra Moura de Aldemunde (Carballo)



2
Pedra da Arca (Cerqueda-Malpica)



3
Dolmen de Dombate (Borneiro-Cabana)



4
A Fornela dos Mouros (O Aplazaduiro, Nande-Laxe)



5
Pedra Moura de Pedra Vixia (Lamas-Zas)



6
Mina de Becesindes (Carantoña-Vimianzo)



7
Pedra Cuberta (Treos-Vimianzo)



8
Pedra Moura de Carnio (Treos-Vimianzo)



9
Pedra da Lebre (Serramo-Vimianzo)



10
Arca da Piosa (Muíño-Zas)



11
Pedra da Arca (Regoelle-Dumbria, Baiñas-Vimianzo)



12
Casota de Freán (Berdoías-Vimianzo)



13
A Mina da Parxubeira (Corveira, Eirón-Mazaricos)

Fotos (XMLS)